



O ABC dos direitos de autor

1. O ABC dos dereitos de autor

Os dereitos de autor son os dereitos que outorga a lei á persoa que creou unha obra. As películas, as obras de teatro, a música, os libros, os cómics ou as obras de arte non se crean sen un autor. Os dereitos de autor conceden a quen crea unha obra o dereito exclusivo a decidir sobre o seu propio traballo: o resultado do traballo creativo.

O autor pode decidir o que fai coa súa obra: se autoriza o uso da súa obra por terceiros, se a explota ou non comercialmente, se quere ou non divulgala, e a remuneración que desexa obter a cambio. Os autores reciben os seus ingresos pola autorización do uso da súa obra a terceiros. Os dereitos de autor son unha condición necesaria para poder vivir co traballo creativo e que se creen novos contidos.

2. Que protexen os dereitos de autor?

O obxecto da protección dos dereitos de autor é unha obra escrita, oral ou artística, o resultado do traballo creativo orixinal. Os dereitos de autor protexen a aparencia e o modo de expresión dunha obra. O uso previsto ou o nivel artístico da obra son irrelevantes, así como a técnica ou o material utilizado para realizar a obra.

Por exemplo, os dereitos de autor protexen textos escritos, pinturas, debuxos, películas, programas de televisión, obras de teatro, composicións, mapas, obras arquitectónicas e programas informáticos.

3. Como se xeran os dereitos de autor?

Os dereitos de autor xéranse automaticamente no momento de creación da obra. Para estar protexida, unha obra debe superar o limiar de orixinalidade. A superación do limiar de orixinalidade decídese caso por caso. Os dereitos de autor non esixen ningún trámite, como o rexistro nin o uso do símbolo ©.

4. Para quen se xeran os dereitos de autor?

Os dereitos de autor sempre se xeran para a persoa que creou a obra. A idade do autor é irrelevante, ou sexa, un menor de idade pode ser autor, segundo o previsto pola Lei de Propiedade Intelectual. Un autor pode ceder, na súa totalidade ou en parte, os seus dereitos de autor a outra parte, por exemplo, un centro educativo ou unha editorial. A cesión debe acordarse por escrito. Os dereitos de autor poden cederse tamén en testamento ou legado. Artigos 42 e 43 da Lei de Propiedade Intelectual.

Ser propietario da copia dunha obra nun soporte, como un libro, a gravación dunha película nun dvd ou un cadro, non significa que a persoa teña tamén os dereitos de autor da obra. É propietario do soporte, mais non do contido.

QUE NON PROTEXEN OS DEREITOS DE AUTOR?

Os dereitos de autor non protexen a mera información (datos, meros datos, información de acontecementos) ou as ideas. Poden usarse as mesmas ideas con total liberdade, sempre que non se copie a forma de expresión.



QUEN É O TITULAR DOS DEREITOS?

O titular dos dereitos é a quen pertencen os dereitos en virtude da Lei de Propiedade Intelectual. O titular dos dereitos pode ser o autor orixinal dunha obra, como un escritor, un autor dun libro de texto, un letrista, un compositor, entre outros.

O titular dos dereitos tamén pode ser a persoa a quen o autor cedeu os seus dereitos de autor, como unha editorial, unha produtora, unha empresa ou un centro educativo. Tanto o autor como o editor adoitan ter os dereitos de autor.




5. Durante canto tempo están vixentes os dereitos de autor?

Os dereitos de autor están vixentes durante a vida do autor e 70 ou 80 anos desde o final do ano do seu falecemento. Cando a obra ten varios autores, como por exemplo nunha película, o prazo de protección calcúlase desde o final do ano do falecemento do último autor falecido.

6. Que son os dereitos conexos?

A Lei de Propiedade Intelectual tamén protexe determinados dereitos semellantes aos dereitos de autor. Denomínanse dereitos conexos ou afíns. Os dereitos conexos inclúen os dereitos dos artistas intérpretes ou executantes, os dereitos dos produtores de fonogramas e cine, o dereito *sui generis* do fabricante dunha base de datos, os dereitos de organismos de radiodifusión, os dereitos de quen realiza unha mera fotografía, entre outros.

Os dereitos conexos protexen, por exemplo, a presentación dunha obra, unha gravación de son, unha gravación de imaxe e unha mera fotografía. Para usalos e copialos, tamén se precisa o permiso do titular dos dereitos. Para recibir a protección dos dereitos conexos, non sempre se esixe cumprir o requisito de orixinalidade. O prazo de protección dos dereitos conexos varía en cada caso concreto. Por exemplo os dereitos de quen realiza unha mera fotografía teñen unha duración de vinte e cinco anos,



computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data de realización, os dereitos do editor de determinadas produción editoriais de obras non protexidas (por exemplo, unha edición dunha obra en dominio público) durarán vinte e cinco anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da publicación. Os dereitos dos produtores audiovisuais terán unha duración de cincuenta anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa realización. Porén, se dentro dese período a gravación se divulga licitamente, os citados dereitos expirarán aos cincuenta anos desde a divulgación, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data en que esta se produza.

Por outro lado, os dereitos dos produtores de fonogramas expirarán cincuenta anos despois de que se fixera a gravación. Porén, se o fonograma se publica licitamente durante ese período, os dereitos expirarán setenta anos despois da data da primeira publicación lícita. Se durante o citado período non se efectúa publicación lícita algunha mais o fonograma se comunica licitamente ao público, os dereitos expirarán setenta anos despois da data da primeira comunicación lícita ao público.

7. Que dereitos ten o autor?

Os dereitos de autor compóñense dos dereitos económicos e morais. O autor ten o dereito exclusivo a decidir se se fan copias da súa obra, se a obra se pon a disposición do público ou se comunica publicamente, distribúese ou transfórmase. A distribución inclúe, por exemplo, a venda, o préstamo e o alugamento de copias da obra. A posta a disposición refírese a subila a Internet ou intranet para que os usuarios poidan acceder a ela en calquera momento e desde calquera lugar. Ademais, o autor pode decidir se a súa obra pode modificarse, traducirse a outro idioma, presentarse ou expresarse noutro xénero de literatura ou arte ou utilizando outro método.

O autor pode ceder os seus dereitos económicos na súa totalidade ou en parte. O autor non pode ceder os seus dereitos morais. Permanecen co autor aínda que os dereitos económicos se cederan na súa totalidade.



Os dereitos de autor

DEREITOS ECONÓMICOS

protexen as posibilidades para obter ingresos do autor.

DEREITOS MORAIS

protexen a honra do autor.

REPRODUCCIÓN

significa, por exemplo, a impresión, dixitalización, fotocopiado e outras reproducións de obras de arte. Tanto copiar cun bolígrafo como escanear o material é facer unha copia dunha obra.

COMUNICACIÓN PÚBLICA OU POSTA A DISPOSICIÓN DO PÚBLICO DUNHA OBRA

significa, por exemplo, interpretar unha composición nun concerto, proxectar unha película nun cine, unha representación teatral dun texto ou unha lectura dramatizada, colgar unha foto, un libro ou un artigo nun sitio web.

DEREITO DE PATERNIDADE

O dereito moral de paternidade permite ao autor esixir o recoñecemento da súa condición de autor da obra. Isto significa que debe indicarse o nome do autor de acordo coas boas prácticas cando se usa unha obra publicamente. O nome debe mencionarse, por exemplo, cando a obra se presenta en público ou se pon a disposición do público doutro xeito.

DEREITO MORAL Á INTEGRIDADE

significa que unha obra non pode modificarse de xeito que ofenda o valor literario ou artístico ou a singularidade do autor. A obra tampouco debe pórse a disposición do público dun modo ou nun contexto ofensivo.

TRANSFORMACIÓN

A transformación dunha obra comprende a súa tradución, adaptación e calquera outra modificación na súa forma da que se derive unha obra diferente.

DISTRIBUCIÓN DE EXEMPLARES DUNHA OBRA

A difusión de exemplares dunha obra ao público inclúe, entre outros, copias de obras como un libro ou unha película en DVD, dispoñibles para a súa compra, alugamento ou préstamo, ou a distribución doutro tipo de exemplares ao público.



8. Que tipo de uso non require permiso?

Uso privado

Dunha obra, poden realizarse algunhas copias para uso privado, ou sexa, persoal. A copia privada reembolsarase aos titulares de dereitos como compensación por copia privada. As copias que se realizan nun centro educativo non é un uso privado segundo o previsto pola lei, polo que, para usar a obra, en xeral, precísase permiso. Non está permitido copiar programas informáticos e bases de datos en formato dixital, nin sequera para uso privado.

Citas

Dunha obra, poden tomarse citas directas para incluílas na túa propia obra, sempre que nos limitemos a un fragmento e realicemos esa incorporación cun fin docente ou de investigación, a xeito de cita, análise. Comentario ou xuízo crítico. Ao citar unha obra, debe indicarse o nome da obra que se cita e o autor.

Comunicación pública no ensino

Con carácter xeral, para comunicar publicamente unha obra no ensino, requírese consentimento do titular de dereitos ou da entidade de xestión que o represente: por exemplo, para pór películas na clase, música, etc.

9. Permisos de centros educativos

Hai varias licenzas de obras dispoñibles para os centros educativos.

O autor puido autorizar o uso da súa obra, por exemplo, cunha licenza **Creative Commons** ou outra licenza aberta semellante. O devandito material pode usarse de acordo coas condicións da licenza.



Para obter máis información sobre os dereitos de autor e as licenzas de centros educativos, visita a Aula do Dereito de Autor: www.auladerechodeautor.org/gl

Consúltanos sobre os dereitos de autor:
comunicacion@cedro.org
www.cedro.org

A Aula do Dereito de Autor tamén ten material lúdico e doutro tipo para aprender e ensinar sobre os dereitos de autor, así como consellos didácticos, exemplos para citar as fontes e resumos para a elaboración de proxectos.

Benvido á Aula do Dereito de Autor!